

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS) E A FUNDACIÓN DORZÁN, PARA PRESTAR SERVIZO DE APOIO DOMICILIARIO MEDIANTE O PROGRAMA “VOLTA A CASA”.

Ourense, 3 de novembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Jesús Vázquez Almuiña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de conformidade cos Decretos 41/2013 de 21 de febreiro (modificado por Decreto 33/2014, de 6 de marzo) e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, así como co establecido na lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Doutra parte, **D. Juan Ramón Álvarez Blanco**, con D.N.I. nº 34.227.473-T Presidente da Fundación Dorzán, entidade de carácter benéfico-social, domiciliada en XXXXX, con C.I.F.. G-32.280.752, Fundación constituída en escritura pública o día once de maio de 2001, ante o Notario de Ourense, XXXXXXX, con número 910 do protocolo e clasificada como benéfico-social por Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, do 19 de outubro de 2001 (D.O.G. nº 210, do 30 de outubro) e declarada de interese galego, por Orde da Consellería de Sanidade o 14 de decembro de 2001(D.O.G. nº 5, do 8 de xaneiro de 2002), figurando inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego, baixo o número 2001/34.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal para obrigarse e subscribir este convenio, e para estes efectos

EXPOÑEMOS:

Que dende o Servizo de Traballo Social do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras), trátase de dar resposta á necesidade de prestar un conxunto de atencións de carácter sociosanitario con carácter temporal e no seu domicilio, a aqueles maiores que, tras recibir a alta hospitalaria, precisen de axuda externa para o desenvolvemento das actividades da vida diaria, co fin de manter e estabilizar a calidade de vida, que viñan gozando antes do seu ingreso hospitalario.

Adoitan ser doentes que unha vez dados de alta ven limitada de xeito importante a súa autonomía persoal e que así mesmo carecen dun coidador principal ou este ten circunstancias de idade, saúde ou falta de habilidades que os fagan precisar da axuda dunha terceira persoa para prestar o coidado de xeito eficaz, sempre que este recurso se considere un recurso axeitado, pero asemade carecen de recursos económicos suficientes para facer fronte o custo dun servizo de axuda externa, para desenvolver as actividades básicas da vida diaria.

A falta de resposta inmediata por parte da Administración pública obriga a buscar solucións naquelas entidades sociais que a día de hoxe están a facer unha achega importante á sociedade ourensá e que permiten moitas veces que estes doentes poidan saír do hospital sen prolongar innecesariamente a súa estancia e asegurando a súa atención axeitada e de calidade no seu domicilio.

A Fundación Dorzán é unha institución benéfico social que ten por obxecto a axuda e a asistencia ao colectivo da terceira idade, coa fin de mellorar a súa calidade de vida e benestar social. Dentro das súas áreas de actuación está a de contribuír e costear a atención das persoas maiores, que por falta

ou escaseza de recursos non poden acceder as prestacións dun servizo de axuda externa, para desenvolver as actividades básicas da vida diaria.

Con tal fin, ámbalas dúas entidades, propoñen desenvolver o programa “**VOLTA A CASA**” de apoio domiciliario baixo as seguintes ideas básicas:

- Ofrecer un servizo de atención rápida no domicilio, baixo o principio de temporalidade que asegure a atención necesaria ás situacións urxentes ou de extrema necesidade.
- Crear un sistema áxil e operativo para dar resposta a situacións urxentes ocasionadas por altas hospitalarias que necesitan dun apoio inmediato; porque o maior precisa de apoio dunha terceira persoa e carece desta ou esta pode ter dificultades para asumir os coidados.

Por todo isto, sendo concorrente o interese das dúas partes, resulta conveniente a colaboración entre ambas, polo que acordan outorgar o presente convenio de colaboración sobre a base das seguintes:

CLAÚSULAS

Primeira. Obxecto

Desde un punto de vista xeral, o obxecto do presente convenio é regular as condicións que deben darse para proceder a prestar un conxunto de atencións de carácter socio sanitario con carácter temporal e no seu domicilio, a aqueles maiores que, tras recibir a alta hospitalaria, precisen de axuda externa para o desenvolvemento das actividades da vida diaria co fin de manter e estabilizar a calidade de vida, que viñan gozando antes do seu ingreso hospitalario.

Desde un punto de vista máis específico, as vantaxes que ofrece a posta en marcha deste convenio son as seguintes:

- Posibilitar a permanencia no ámbito habitual, tratando de evitar a institucionalización.
- Garantir unha continuidade no plan de coidados e tratamentos prescritos.
- Realizar unha educación sanitaria domiciliaria axeitada o seu problema de saúde.
- Garantir unha coordinación socio sanitaria que asegure una atención integral e axustada a cada situación.

Segunda. Financiamento

O custe da prestación do servizo de apoio domiciliario, ás persoas incluídas neste convenio de colaboración, será asumido do seguinte modo:

- 1 No caso de persoas con carencia total de recursos, o custe do servizo será asumido na súa totalidade pola Fundación Dorzán.
- 2 No caso de persoas que perciban algún tipo de prestación pública, ou dispoñan de recurso propios, aínda que con carácter limitado:
 - O beneficiario achegará unha porcentaxe do custo do servizo, que será variable en función da súa renda persoal e a súa situación económica. O importe da achega será determinado polo Servizo Galego de Saúde, a través do Servizo de Traballo Social do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, unha vez examinada a situación económica do paciente e contando coa súa aprobación e co visto e prace da Fundación.

-A Fundación Dorzán achegará a diferenza entre o custo total do servizo e a cantidade achegada polo beneficiario.

Terceira. Perfil das persoas destinatarias:

Serán destinatarias da asistencia prevista no presente convenio de colaboración, aquelas persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar ingresado no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense no momento da solicitude.
- Ter 60 anos cumpridos.
- Ter limitada a súa autonomía e necesitar axuda dunha terceira persoa para realizar as actividades básicas da vida diaria.
- Pertencer a un grupo de risco ou especialmente vulnerable; ancián frágil, polimedicado ou con pluripatoloxía.
- Ter dificultades de atención por parte do coidador habitual ou da familia.
- Non gozar do servizo público de “axuda no fogar”, por calquera outra entidade ou organismo.
- Ter escaseza de recursos ou dificultades económicas, isto é, que non lle permitan facer fronte o custe servizo con carácter privado.
- Residir na área de cobertura establecida: Concello de Ourense.

Cuarta. Prestacións

As atencións que se van prestar dende o servizo de **apoio domiciliario**, serán atencións de carácter persoal, quedando excluídas atencións de carácter doméstico a excepción das que consistan en mudar ou facer a cama da persoa.

As tarefas de atención persoal consistirán en:

- Supervisión e administración de medicación.
- Cambios posturais, así como asistencia para levantarse e axudas nas transferencias.
- Apoio para a mobilización no fogar.
- Acompañamento en consultas médicas.
- Control do réxime alimentario.
- Axuda no aseo e para vestirse.

Estas atencións serán prestadas por unha empresa de servizos sociosanitarios externa, seleccionada pola Fundación Dorzán, atendendo a criterios económicos e de calidade na prestación da atención.

O persoal unido á empresa prestadora do servizo por medio dunha relación contractual ou de calquera outra índole, dependerá só e, exclusivamente da devandita empresa, sen que, en ningún caso, exista vínculo de dependencia entre o devandito persoal, coa Fundación Dorzán nin co Servizo Galego de

Saúde, non sendo aplicable, polo tanto nin a denominada sucesión empresarial nin ningunha figura de análoga natureza.

As obrigas sociais e laborais respecto ao persoal que aporta a empresa para prestar os apoios no domicilio corresponderán única e exclusivamente a esta empresa. A Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras e o Servizo Galego de Saúde manterase alleos ás devanditas relacións laborais, de tal forma que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha nin directa nin subsidiaria por calquera incidencia acaecida no desenvolvemento do servizo.

Quinta. Obrigas do Servizo Galego de Saúde

Correspóndelle ao Servizo Galego de Saúde, a través da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras a formulación da solicitude de praza, que se levará a cabo do seguinte xeito:

O Servizo de Traballo Social do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense será o responsable de seleccionar e facer unha valoración precisa daquelas persoas que puideran precisar de dito recurso e realizar todas aquelas xestións e trámites necesarios para que poidan dispoñer o antes posible, dun recurso público si fora o caso.

O Servizo de Traballo Social formulará a solicitude de praza á Fundación Dorzán que irá acompañada da seguinte documentación:

- Modelo de solicitude do servizo, no que se farán constar expresamente as condicións xerais do servizo que deben ser aceptadas polo beneficiario, asinando dita solicitude.
- Informe Social, onde queden claras os requisitos expresados na cláusula terceira.
- Informe médico, que acredite a patoloxía do doente e tratamentos prescritos.
- Copia da documentación básica: DNI (pasaporte ou NIE) e tarxeta sanitaria.
- Plan de coidados previsto: lugar de realización, data de comezo do servizo e tarefas a realizar.
- Achega que pode asumir o beneficiario.

Sexta. Obrigas da Fundación Dorzán

Correspóndelle á Fundación Dorzán a aprobación da solicitude de praza, que se levará a cabo do seguinte xeito:

-Unha vez que se presentou a solicitude de praza, o Padroado da Fundación Dorzán resolverá coa maior brevidade a aprobación ou denegación. En todo caso, a aprobación da mesma por parte da Fundación Dorzán, estará condicionada polo esgotamento dos recursos anuais destinados a este programa.

-Aprobada a solicitude polo Padroado da Fundación Dorzán e antes de iniciar a prestación de apoio no domicilio do beneficiario, o Servizo de Traballo Social do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense comunicarlle a empresa prestadora do servizo, o lugar, horario e tarefas específicas a realizar en cada caso.

A denegación da solicitude, será inapelable e en ningún caso, estará sometida a xustificación.

Sétima. Relacións e protección de datos de carácter persoal

En cumprimento do establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e a demais normativa de desenvolvemento, o manexo dos datos de carácter persoal que se derive do presente convenio queda suxeito ao disposto na normativa legal vixente:

1. As partes utilizarán ou aplicarán os datos persoais única e exclusivamente conforme ás finalidades e instrucións derivadas deste convenio, e non os comunicarán ou cederán a outras persoas, nin sequera para a súa conservación.

2. As partes adoptarán as medidas de seguridade, técnicas e organizativas, establecidas no Real decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, todo elo de cara a evitar a perda, mal uso, alteración, acceso non autorizado e roubo dos datos persoais, habida conta do estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos a que estean expostos, xa proveñan da acción humana ou do medio físico ou natural.

3. As partes están obrigadas a gardar o segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal que trate no cumprimento do convenio, obriga que subsistirá aínda cando finalice a vixencia do mesmo.

4. Unha vez que finalice a relación entre as partes, os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos, excepto no que a normativa e/ou decisións xudiciais puideran establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira; o mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documentos no que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento.

O incumprimento de calquera dos acordos anteriores será causa suficiente para a rescisión do presente convenio.

Oitava. Duración do Servizo

O servizo prestarase a cada beneficiario de luns a venres, a razón dunha hora cada día, e terá a duración dun mes.

Este período pode ser prorrogado por outro mes ata un máximo de dous meses cando as circunstancias e a valoración dos servizos sociais do Servizo de Traballo Social do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense así o aconsellen.

Naquelas situacións que poida preverse unha cronificación da situación, iniciaranse polo Servizo de Traballo Social do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, os procedementos oportunos para intentar garantir unha continuidade do servizo a cargo doutras entidades, servizos sociais comunitarios ou a través do sistema de atención á dependencia.

Novena. Comisión de Seguimento.

Constituirase a iniciativa de calquera das partes unha Comisión de seguimento do presente convenio, formada por dous representantes de cada unha das partes, que asumirá as seguintes funcións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do Convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do presente convenio.

- Propoñer ás partes, a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas, para o cumprimento do presente convenio. O incumprimento por calquera das partes, das cláusulas do presente convenio, poderá dar lugar á denuncia deste.

Décima. Vixencia do Convenio.

O presente convenio terá vixencia de catro anos, dende o día seguinte ó da súa sinatura.

Non obstante, as partes de mutuo acordo poderán, en calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, acordar a súa prórroga, por un período de ata catro anos adicionais, ou a súa extinción.

Décima primeira. Causas de resolución.

Son causas de resolución do presente convenio:

A denuncia previa de calquera das dúas partes asinantes, sempre que o notifique á outra cun mes de antelación.

O mutuo acordo entre as partes.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das cláusulas.

Décima segunda. Cuestións Litixiosas.

Este convenio ten natureza administrativa e e rexerase polo establecido nas súas estipulacións. No seu defecto, polo previsto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, en particular os principios e criterios que o informan, para resolver as dúbidas e lagoas que puideran suscitarse na interpretación e aplicación do convenio.

As cuestión litixiosas que poidan xurdir durante a aplicación do convenio, resolveranse ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

Décima Terceira.- Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei Galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

En proba da súa conformidade, asínase polas partes o presente Convenio en triplicado exemplar.

O Presidente do Servizo Galego de Saúde
(P.D. de 31 de outubro de 2017)
Xerente da Xerencia de Xestión Integrada
de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras

O Presidente da Fundación Dorzán

D. Dionisio López Bellido

Juan Ramón Álvarez Blanco

SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO PROGRAMA DE APOIO DOMICILIARIO “VOLTA A CASA”

DATOS DO SOLICITANTE

Nome e apelidos					
D.N.I.					
Enderezo					
Data nacemento		Localidade		Provincia	
Nº SS.SS.			Centro de Saúde		
Pensionista		Contía			
Achega do solicitante					

UNIDADE DE CONVIVENCIA

NOME E APELIDOS	PARENTESCO	IDADE	E.C	OCUPACIÓN	INGRESOS

SITUACIÓN ACTUAL:

MOTIVO DO SERVIZO:

Ourense, a de 2017

Sinatura do solicitante

CONSENTIMIENTO INFORMADO

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal

D./Dña.

con D.N.I.

Como paciente do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense da Xerencia de Xestión Integrada Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras, libre e voluntariamente DECLARO que fun debidamente INFORMADO polo persoal do Servizo de Traballo Social do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, sobre a existencia e natureza do programa de apoio domiciliario "VOLTA A CASA" que a FUNDACIÓN DORZÁN en colaboración co SERVIZO GALEGO DE SAÚDE pon á miña disposición, e en consecuencia AUTORIZO que os meus datos persoais, e os datos sanitarios que se consideren necesarios para a formulación da solicitude de inclusión no citado programa, sexan enviados á FUNDACIÓN DORZÁN.

Ourense, a..... de de

PACIENTE

RESPONSABLE DO SERVIZO DE TRABALLO SOCIAL

Asdo.:

Asdo.:

De conformidade coa lexislación vixente, este CONSENTIMIENTO poderá ser REVOGADO polo paciente en calquera momento.

Ourense, a..... de de.....

PACIENTE

RESPONSABLE DO SERVIZO DE TRABALLO SOCIAL

Asdo.:

Asdo.:

1ª) A presente solicitude ten como obxecto demandar a inclusión no programa de apoio domiciliario **Volta a casa**, amparado no Convenio subscrito entre o Servizo Galego de Saúde (Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras) e a Fundación Dorzán, de data 3 de novembro de 2017.

2ª) A concesión ou denegación da solicitude de inclusión no programa **Volta a casa**, será competencia exclusiva do Padroado da Fundación Dorzán, quen unha vez comprobado que o solicitante cumpre os requisitos necesarios para ser un posible beneficiario do servizo (estipulados na cláusula terceira do convenio citado anteriormente), aceptará ou rechazará a mesma en función da valoración dos informes aportados polo Servizo de Traballo Social do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín y Barco de Valdeorras) e a dispoñibilidade dos recursos anuais destinados a este programa.

A denegación da solicitude, será inapelable e en ningún caso estará sometida a xustificación.

3ª) Coa sinatura da presente solicitude, no caso de ser concedida, o solicitante acepta as condicións da prestación do servizo de apoio domiciliario volta a casa (en adiante o servizo), tal e como se desenvolve nas presentes condicións xerais.

4ª) As atencións, obxecto da presente solicitude, realizárase no domicilio do solicitante e darán comezo unha vez se produza o alta hospitalaria do solicitante.

5ª) O servizo prestárase de luns a venres, a razón dunha hora cada día e terá a duración dun mes . Este período pode ser prorrogado por outro mes mais, ata un máximo de dous meses, cando as circunstancias e a valoración do Servizo de Traballo Social do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín y Barco de Valdeorras) así o aconsellen e conte co visto bo, da Fundación Dorzán.

6ª) O custe da prestación do servizo será asumido del seguinte modo:

O solicitante achegará a cantidade que figura na solicitude no apartado “Achega do solicitante”.

A Fundación Dorzán, achegará a diferenza entre o custe total do servizo e a cantidade achegada polo solicitante.

7ª) As atencións que se van a prestar, serán de carácter persoal, quedando excluídas atencións de carácter doméstico, a excepción das que consistan en mudar ou facer a cama do solicitante.

As tarefas de atención persoal consistirán en: supervisión e administración de medicación, trocos posturais, asistencia para levantarse e axudas nas transferencias, apoio para a mobilización no fogar, control do réxime alimentario, acompañamento en consultas médicas, axudas no aseo e para vestirse.

8ª) O servizo será efectuado por traballadores dunha empresa de servizos sociosanitarios externa, seleccionada pola Fundación Dorzán, que contará con recoñecida solvencia, experiencia e calidade na prestación das súas competencias.

O persoal unido á empresa externa prestadora do servizo por medio dunha relación contractual o de calquera outra índole, dependerá solo e exclusivamente de dita empresa, sen que en ningún caso, exista vínculo de dependencia algún entre dito persoal e a Fundación Dorzán ou o Servizo Galego de Saúde, non sendo aplicable por lo tanto, ni a denominada sucesión empresarial, nin ningunha figura de análoga natureza.

9ª) Os danos e prexuízos que poda causar a prestación negligente do servizo serán de responsabilidade exclusiva da empresa externa prestadora.

A Fundación Dorzán e o Servizo Galego de Saúde (Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín y Barco de Valdeorras), quedan exentos de calquera responsabilidade ante reclamacións do solicitante ou de terceiros, que se poidan producir por negligencia ou por deficiencias, anomalías o irregularidades na execución do servizo.

Si o solicitante considera que o servizo se desenrola con negligencia, deficiencias, anomalías o irregularidades graves, deberá comunicalo ao Servizo de Traballo Social del Complexo Hospitalario

Universitario de Ourense (Xerencia de Xestión Integrada de Ourense Verín y Barco de Valdeorras), aos efectos oportunos.